

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO PROGRAMA OPERATIVO ESTATAL DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL 2019-2023 E DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL 2018-2022 DO FONDO SOCIAL EUROPEO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

## REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Doutra parte:

D. Isidro Juan Rodríguez Hernández, que actúa como Director en nome e representación da Fundación Secretariado Gitano, en virtude do poder outorgado ante a Notaría do Ilustre Colexio de Castilla y León, Carmen Ana Vázquez Arias, o 9 de maio de 2017, con número de protocolo 796, inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza o 15 de novembro de 2018. A Fundación Secretariado Gitano esta inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número E-1729

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto



## EXPOÑEN

I. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.

II. Que en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

III.- A súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

IV.- Do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

V.- A Lei 17/2021, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, prevé na partida orzamentaria 13.03.313C.481.0 un importe de 65.920,00 € de fondos propios para financiar programas de servizos sociais e comunitarios.



VI.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica a que lle corresponden as competencias en materia de benestar e inclusión social e consecuentemente a atención das minorías étnicas, conforme ao Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

VII.- As partes coinciden en que a situación das minorías étnicas con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da educación, formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Estas medidas son coherentes coas directrices que estableceu a Estratexia de Inclusión Social de Poboación Gitana en Galicia enmarcada na última Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020 e cos obxectivos temáticos 9, promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) non 1083/2006 do Consello.

VIII.- Que a Fundación Secretariado Gitano, entidade de natureza fundacional, recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número E-1729 e na Subdirección Xeral de Fundacións e Entidades Tuteladas do Ministerio de Traballo e Economía Social co número 28-1223, con data 28 de decembro de 2001, é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2019-2023 (POISES) no marco do Programa Operativo de Inclusión Social 2019-2023, e o Programa Operativo de emprego xuvenil 2018-2022 (POEJ) que o entón Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social encargou á Fundación a través da Resolución do 20 de Setembro de 2019, da Secretaría de Estado de Emprego, pola que se publica a relación definitiva de proxectos aprobados no marco da convocatoria para a selección de operacións que se financiarán co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social publicada no Boletín Oficial del Estado, número 234, do 28 de setembro de 2019 e da Resolución do 10 de decembro de 2018, da



Secretaría de Estado de Emprego, pola que se publica a relación definitiva dos proxectos aprobados no marco da convocatoria para a selección de operacións que se financiarán co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil publicada no Boletín Oficial del Estado número 302, do 15 de Decembro de 2018, para a execución dos proxectos de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral e Socio-educativos para a poboación xitana, enmarcados na Prioridade de Inversión 9.2 Integración socioeconómica de comunidades marxinadas tales como a poboación romaní e no Obxectivo Temático 8.2 sobre a integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas, e proxectos dirixidos a favorecer a inserción no mercado de traballo dos mozos en particular aqueles sen traballo que corren o risco de exclusión social, utilizando medidas de formación, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio.

En virtude da ampliación de prazos acordada por resolución do 07.07.2020 e 08.06.2020 respectivamente do subdirector xeral da Unidade administradora do Fondo Social Europeo ditadas en relación coas repercusións da crise da COVID-19, a data límite de subvencionabilidade do gasto da operación seleccionada no POISES é o 17 de novembro de 2023 e do POEJ é 17 de novembro do 2022.

Nas operacións do Fondo Social Europeo, Iniciativa de mellora do emprego de persoas novas xitanas: "Itinerarios Integrados de Inserción para persoas novas xitanas, Acceder", Fondo Social Europeo para itinerarios integrados de inclusión socio-laboral para a poboación xitana: " Acceder, Fondo Social Europeo para Itinerarios integrados de inclusión educativa e socio -laboral para a poboación xitana: PROMOCIONA: " Da escola ao emprego" a Fundación Secretariado Gitano foi seleccionada para o financiamento co Fondo Social Europeo no marco Programa Operativo Xuvenil e no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social tal e como se reflicte nas Resolucións do 10 de decembro de 2018 e do 20 de setembro de 2019 da Secretaría de Estado de Emprego polas que se publican as relacións definitivas dos proxectos aprobados nos anteditos marcos.

Para o ano 2022 en Galicia os programas están dotados cunha contía de 1.023.610,50 €, dos cales 815.102,14 € proceden de FSE e o resto teñen que proceder de outras fontes de financiación das cales este convenio será unha das máis importantes aportando a contía prevista na cláusula segunda o orzamento.

IX.- A Consellería de Política Social e Xuventude, unha vez establecidas as prioridades en materia de inclusión social, considera de interese continuar contribuíndo a completar a



dotación que a Fundación Secretariado Gitano recibe do Fondo Social Europeo para desenvolver as actuacións previstas en Galicia no proxecto Itinerarios, a través dun convenio coa entidade. As actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a circunstancia de que non exista na Comunidade Autónoma outra entidade que traballe con este colectivo prestándolle a atención profesionalizada que precisa; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Inclusión Social, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, concretamente no seu artigo 17, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Inclusión Social; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e humanitario.

En atención a estas consideracións, as partes comparecentes na representación que ostentan, co fin de mellorar as condicións de vida e a plena participación social, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

1. O obxecto do presente convenio consiste na concesión por parte da Consellería de Política Social dunha subvención para o desenvolvemento por parte da Fundación Secretariado Gitano no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de actuacións dirixidas ás minorías étnicas coa finalidade de promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación, no marco do Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2019-2023 e o Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2018-2022.

2. Para a execución das actuacións obxecto da concesión da subvención a través deste convenio a Fundación Secretariado Gitano desenvolverá programas de actuación **ITINERARIOS INTEGRADOS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL E SOCIO-EDUCATIVOS**



PARA A POBOACIÓN XITANA, que versará especialmente sobre materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios, entes públicos e estudos e metodoloxías para aplicar aos programas. A Fundación Secretariado Gitano levará a cabo as seguintes actuacións:

a) Mantemento de sete dispositivos de intervención, coa finalidade de realizar accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso de minorías étnicas e aos xóvenes menores de 30 anos, preferentemente á formación e ao emprego, así como reforzo escolar e traballo no eido educativo. Estes dispositivos estarán situados nos concellos de A Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol e Ourense atenderán á poboación destes concellos así como a súa área de influencia.

b) Desenvolvemento de accións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas con estas comunidades. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades que traballan directamente con estes colectivos, tanto concellos como entidades de iniciativa social.

c) Desenvolvemento de actuacións que aseguren unha oferta axeitada de servizos que reforcen a prevención do abandono escolar prematuro e que favorezan unhas taxas máis elevadas de finalización na Educación Secundaria Obrigatoria para o futuro da incorporación laboral da poboación xitana.

3. A intervención perseguirá como obxectivo común das actuacións a mellora da capacidade de inserción e incorporación das minorías étnicas no mercado de traballo, especialmente dos máis xóvenes, e a permanencia no sistema educativo ata completar os estudos obrigatorios, así coma, o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma.

## SEGUNDA.- Orzamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará a cantidade de sesenta e cinco mil, novecentos vinte euros (65.920,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.313C.481.0 da Lei 17/2021, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022,



cubriendo os seguintes gastos:

Gasto Plan Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) ACCEDER		IMPORTE €
Persoal		38.755,19
Actividades		2.224,23
Funcionamento	Aluguer de locais e outros gastos	4.513,06
	Subministros	1.671,50
	Mensaxeira	113,49
	Material de oficina	108,47
	Prensa	23,95
	Renting	546,08
	Subtotal	6.976,54
<b>TOTAL</b>		<b>47.955,96</b>
Gasto Plan Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) PROMOCIONA		IMPORTE €
Persoal		9.549,25
Actividades		2.131,65
Funcionamento	Aluguer de locais e outros gastos	7,47
	Subministros	97,55
	Mensaxeira	13,11
	Material de oficina	0,00
	Prensa	13,38
	Renting	33,14
	Subtotal	164,65
<b>TOTAL</b>		<b>11.845,55</b>
GASTO Programa Operativo de Empleo Juvenil (POEJ)		IMPORTE €
Persoal		4.856,44
Actividades		0,00
Funcionamento	Aluguer de locais e outros gastos	242,68
	Subministros	136,64
	Mensaxeira	12,89
	Material de oficina	3,33
	Prensa	2,48
	Renting	19,02
	Subtotal	417,05
<b>TOTAL</b>		<b>5.273,49</b>
AUDITORIA		845,00



Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Consellería de Política Social cando esta estime que estas non comprometen a finalidade do programa enon impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.

### TERCEIRA.- Gastos subvencionables

Tendo en conta os dos programas operativos e as operacións de cada un deles

1. Poderán financiarse con cargo a este convenio os seguintes gastos:

a) Gastos do persoal, que comprenderá:

1º. Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das accións: Terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas coa operación subvencionada e que, polo tanto, desenvolvan funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación da operación, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da operación ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias ao proxecto en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada e acompañada dos correspondentes partes de traballo. Así mesmo, poderá comprender:

1º.1. En relación a traballadores contratados pola entidade, serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, vacacións retribuídas e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

1º.2. En relación a traballadores por conta propia contratados pola entidade, consideraranse gastos subcontratados e lles será de aplicación o límite máximo para estes gastos establecido no artigo 27 da lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia

2º. Gastos de persoal de carácter indirecto: Terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento da operación, pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos esixirá a prorrata á operación con arreglo



a un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización dos gastos en función da dedicación horaria previamente asignada e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

3º. As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade: comprenderán gastos do aluguer debidamente xustificadas, gastos de mantemento do equipamento destinado á operación, gastos de material e outros necesarios para execución da actividade. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente á operación e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a vinculación dos mesmos non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter indirecto e serán aplicables á operación a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos e que deberá ser validado previamente polo órgano xestor.

c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais erexistrados, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable, os de administración específicos e os gastos de auditoría, só serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada da operación a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, no seu caso, e os de mantemento da mesma.

d) Renting ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación, e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á adquisición dos mesmos. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

e) Os gastos dos/as usuarios/as participantes nas accións incluírán: axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións a participantes da operación, incluíndo os relativos á cobertura de necesidades primarias, pero necesarios para a consecución da súa



inclusión social. Estas axudas de custo de desprazamento ou as remuneracións ou asignacións a participantes non poderán ser percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento, excluíndose da dita consideración aos beneficiarios indirectos da dita prestación. Estas bolsas terán unha contía máxima subvencionable de 9 euros día/lectivo sempre que non superen no seu conxunto o 20 por 100 % do importe total do programa subvencionado.

f) Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes, así como aqueles outros destinados a cubrir contingencias de risco derivadas da actividade subvencionada

#### CUARTA.- Subcontración

A Fundación Secretariado Gitano é a beneficiaria da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades ata unha porcentaxe do 20% do importe total das actuacións financiadas através deste convenio para a súa debida execución.

A subcontratación terá por obxecto a execución de actuacións e programas dirixidos ás minorías étnicas para promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación no marco do Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2019-2023 e o Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2018-2022.

A fundación no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Inclusión Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### QUINTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto dos programas, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento das actuacións subvencionadas a través deste convenio.



#### SEXTA.- Obrigas da Fundación Secretariado Gitano

A Fundación Secretariado Gitano, con suxeición á normativa aplicable e aos termos do convenio comprométese a cumprir todos os requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e en especial:

- a) Realizar as accións derivadas do obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio.
- b) Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.

En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles esta información agás oposición expresa da Fundación Secretariado Gitano que neste caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención: certificado de estar o corrente no cumprimento das obrigas tributarias expedido pola Axencia Tributaria o fronte a Seguridade Social, expedido pola Tesoureira Xeral da Seguridade Social e non ter pendente de pago algunha debida coa Administración pública da comunidade autónoma, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.

- c) Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- d) Non difundir calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.
- e) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.



f) Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo das restantes obrigas de información e publicidade que se deriven do financiamento comunitario das accións obxecto de cofinanciación.

g) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

h) Para asegurar o cumprimento das accións establecidas a Fundación Secretariado Gitano emitirá, no prazo de dez días desde que sexa requirido, un informe que reflecta o grao de execución das mesmas.

i) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula terceira.

j) Conservar durante 5 anos os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control.

k) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistiran na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia e lenda alusiva ao financiamento público do programa por parte desta en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

m) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.



## SÉTIMA.- Xustificación

1. Respecto á forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

A xustificación da realización das actuacións obxecto do convenio realizarase a través de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada na que se reflicte unha relación de gastos, con indicación do acreedor, importe e data de pago e, si é o caso, outros ingresos que financien a actividade, con achega dun informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo disposto neste convenio. A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

- a) O cumprimento por parte de Secretariado Gitano das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación dasubvención.
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade.
- c) A realidade e a regularidade da operación financiada.
- d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto. En todo caso no dito informe conterá a seguinte comprobación:



a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.

A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con el, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que Secretariado Gitano utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que Secretariado Gitano dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.



g) Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

3. As actuacións subvencionadas comprenderán o gastos realizados durante a vixencia do convenio, tendo que presentar a documentación xustificativa antes do 5 de novembro de 2022, data que se considera como límite da xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### OITAVA.- Pagamento

A contía concedida farase efectiva coa presentación da totalidade da documentación xustificativa.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

#### NOVENA.- Compatibilidade

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.



#### DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Créase unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude adscritas á Dirección Xeral de Inclusión Social designadas pola persoa titular da Consellería e dúas persoas representantes da Fundación Secretariado Gitano, que serán designadas polas persoa titular da súa presidencia.

Esta Comisión Mixta presidida por unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Inclusión Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirse cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio. A persoa titular da Presidencia conta con voto de calidade no caso de empate nas votacións.

A titularidade da Secretaría correspóndelle a unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude integrantes da Comisión.

As persoas titulares da presidencia, da secretaría e demais integrantes da comisión, poderán ser suplidas temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade polas persoas que designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

A Comisión Mixta velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e resolverá os problemas da súa interpretación que poidan xurdir

O réxime xurídico desta Comisión adecuarase o previsto na lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e pola lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución e reintegro

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

#### DÉCIMO SEGUNDA.- Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando sumadas o importe do convenio superen o custo total da actividade, poderá dar lugar á modificación do convenio.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- Duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022 agás para as actuacións subvencionadas no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2018-2022 respecto das cales o convenio agota a súa vixencia o 17 de novembro de 2022 por ser a data límite da subvencionabilidade do POEJ.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionables a través do presente convenio que realizase a Fundación Secretariado Gitano dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

O período de xustificación de gastos comprenderá dende 1 de xaneiro ata 31 de outubro de 2022.



#### DÉCIMO CUARTA.- Carácter administrativo do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas; polo disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007 do 13 de xuño e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### DÉCIMO QUINTA.- Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación do acto que pon fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora o prazo será de seis meses e contarase para a persoa solicitante e outras posibles interesadas, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### DÉCIMO SEXTA.- Transparencia e publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei



9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos Nacional de subvencións (BDNS).

#### DÉCIMO SÉTIMA.- Información básica sobre protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aosque teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da BDNS, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da



promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan dixitalmente este convenio.

Pola Consellería de Política Social e Xuventude

Pola Fundación Secretariado Gitano

Fabiola García Martínez

Isidro Juan Rodríguez Hernández

Conselleira de Política Social e Xuventude

Director

